




Formación excepcional para novas persoas docentes. Curso 2020/2021

Guía do repositorio virtual e proceso de acompañamento



Táboa de contidos

1. Descrición do repositorio virtual
2. Acompañamento ao persoal docente
3. Obxectivos
4. Competencias profesionais do profesorado
5. Contidos

1. Descrición do repositorio

O sistema de apoio que se presenta a continuación diríxese **ao novo profesorado que se incorpora ao sistema educativo galego sen posuír a formación pedagóxica e didáctica indicada na Resolución do 30 de xuño de 2020**.

Pretende facilitar a súa integración nos centros educativos, proporcionando ferramentas e recursos para o desenvolvemento da súa función docente así como unha mellor comprensión da estrutura organizativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A progresiva incorporación aos centros do novo profesorado, conforme ás necesidades de reforzo de persoal que se vaian detectando, implica a dificultade de establecer un momento concreto para impartir a formación requirida, pois esta deberá cursarse unha vez que o novo persoal docente reciba os chamamentos para incorporarse ao seu destino. De aí que se artellase este espazo de formación nunha aula virtual así como un sistema de acompañamento destes/as profesionais.

En definitiva, este repositorio constitúe un espazo virtual próximo e sinxelo que centraliza a formación e os recursos necesarios para facilitar a incorporación do novo persoal docente aos centros educativos. Estes documentos, recursos e ferramentas son a base sobre a que posteriormente cada docente compila, mellora e enriquece os materiais de aula.

2. Acompañamento ao persoal docente

Ademais desta aula virtual que funciona a modo de repositorio de recursos e espazo de referencia, establécese unha canle de comunicación dobre para o apoio ao novo persoal docente:

- O **foro de dúbidas** e o **foro de novas** da aula virtual
- Un **correo electrónico** (cafi.centros@edu.xunta.gal)

Ambos espazos estarán atendidos por un equipo de persoal asesor do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Cómpre sinalar que a comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera persoa matriculada nesta aula virtual poderá ler as intervencións no foro ou *posts*. Antes de formular unha dúbida, deberase revisar se xa foi exposta e contestada no foro de dúbidas,

ben polo profesorado ou ben polo equipo asesor; isto axilizará a comunicación e evitará información duplicada.

Ademais, é bo respectar as [normas de netiqueta](#).

3. Obxectivos

- Coñecer a **normativa, organización institucional e funcionamento** dos centros educativos.
- Afondar nos **dereitos e deberes individuais dos empregados públicos**
- Explorar os documentos esenciais na vida do docente como son: o **Proxecto Educativos de Centro**, a **Programación Xeral Anual** e a **Programación Didáctica**.
- Explorar os distintos recursos didácticos dispoñibles, en especial as **ferramentas dixitais institucionais de xestión**: administrativa, da formación do profesorado, do proceso de ensino-aprendizaxe e da comunicación.
- Coñecer o **Modelo das Competencias Profesionais Docentes** así como os mecanismos que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dispón para potencialas mediante as estruturas de formación do profesorado galego.
- Achegarse ás directrices do **Plan de adaptación á COVID-19** para unha volta segura ás aulas

4. Competencias profesionais do profesorado

Segundo o modelo de [Competencias profesionais docentes](#) da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través deste repositorio virtual formaraste prioritariamente na competencia:

Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe

- Subcompetencia 1. Programación, seguimento e avaliación
- Subcompetencia 2. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe

5. Contidos

A aula virtual está estruturada en 5 seccións que recollen os seguintes contidos:

1. A educación en Galicia

Fai un percorrido pola estrutura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a normativa que regula as funcións docentes, así como os protocolos educativos e principais estratexias galegas que desenvolven as liñas de acción da Consellería en materia de educación.

1.1 O Sistema Educativo de Galicia

1.2 Normativa básica reguladora do Sistema Educativo Galego

1.3 Os protocolos educativos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2. O centro educativo

Presenta os diferentes tipos de centros educativos, así como a súa normativa, dinámicas de coordinación do equipo docente e adaptación do centro á actual situación provocada pola Covid-19.

2.1 Centros educativos: tipoloxía e clasificación

2.2 Documentos esenciais

2.3 Traballo en equipo e órganos de coordinación docente

2.4 Plan de adaptación á COVID-19

3. Primeiros pasos como docente

Céntrase nos principais aspectos prácticos da vida do/a docente, así como na aprendizaxe dos contextos e procesos educativos.

3.1 Normativa aplicable ao persoal funcionario e laboral

3.2 O traballo no centro educativo: horarios, estrutura, espazos...

3.3 As Competencias Profesionais Docentes

4. O traballo na aula

Aborda aspectos concretos para desenvolver as tarefas de ensino-aprendizaxe. Alén disto, pon a disposición do novo persoal docente unha escolma de ferramentas para enriquecer ese proceso. Tamén inclúe as ferramentas de carácter institucional de uso imprescindible.

- 4.1 O proceso de ensino-aprendizaxe
- 4.2 Ferramentas institucionais
- 4.3 Recursos educativos abertos (REA)
- 4.4 Recursos para o fomento das boas prácticas

5. Para seguir formándote

Recole a información precisa para que o persoal docente coñeza as estruturas de formación permanente do profesorado e poida seleccionar unha formación adaptada ás súas propias necesidades.

- 5.1 Formación permanente do profesorado
- 5.2. Formación en aberto en PLATEGA
